



Oficina
dos Direitos

MAREA
ATLÂNTICA

GUÍA DE BONOS SOCIAIS PARA SUMINISTROS BÁSICOS

DESCONTOS NA ELECTRICIDADE, GAS, AUGA E IMPOSTOS



dereitos@mareatlantica.org
604086724
www.mareatlantica.org

FEBREIRO 2021

O dereito universal a unha vivenda, digna e adecuada, como un dos dereitos humanos, aparece recollido na Declaración Universal dos Dereitos Humanos no seu artigo 25, apartado 1 e no artigo 11 de Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais.

Non chega só con saber que temos dereito a unha vivenda digna, xa que da mesma forma son fundamentais para un vida digna os suministros básicos como a electricidade, o gas ou a auga. Non podemos entender un dereito desligado doutro.

Cómpre saber que se estamos en situación de vulnerabilidade temos dereito a descontos ou exencións de pago nestes suministros básicos, e por este motivo editamos esta pequena guía coa intención de orientar na solicitude destes bonos sociais.

O consumo de luz, calefacción e auga son fundamentais e malia que existen estes mecanismos de desconto no suministro, aínda queda moito por facer. Na actualidade non existen bonos sociais para a conexión a internet, o gas butano ou para outras formas de suministro para quentar a casa.

Pódese facer moito máis desde o Concello da Coruña. No acordo de investidura do PSOE de Inés Rey está contemplada a proposta da Marea Atlántica da creación dun **operador público de enerxía** que garanta o suministro eléctrico sostible ás persoas en situación de vulnerabilidade. Case dous anos despois, o goberno municipal aínda non fixo nada para poñelo en marcha.

Animámosvos a coñecer máis sobre os dereitos que tedes como persoas consumidoras e organizarvos en asociacións ou outro tipo de entidades para loitar por un dereito fundamental: o dereito a unha vida digna.

Desde a Oficina dos Dereitos da Marea Atlántica quedamos á vosa disposición para axudarvos no proceso de solicitude de bonos sociais ou para calquer dúbida que poidades ter respecto ós dereitos que temos como cidadás e cidadáns da Coruña.

Rodri Gil
Oficina dos Dereitos

✉ dereitos@mareatlantica.org


☎ 604086724

🐦 @rogilce

INDICE

BONO SOCIAL ELÉCTRICO	1
BONO SOCIAL TÉRMICO	8
BONO SOCIAL EMALCSA	12
BONIFICACIÓNS NA FACTURA DA AUGA	15
INFORMACIÓN ÚTIL	20

BONO SOCIAL ELÉCTRICO



Conceptos necesarios para entender o Bono Social Eléctrico

PVPC: a tarifa do mercado regulado

Para acceder ao Bono social
hai que ter contratada a tarifa PVPC

A tarifa regulada polo Ministerio de Industria chámase PVPC (Prezo Voluntario ao Pequeno Consumidor). O PVPC cambia cada día e cada hora, en función do que dita o mercado da electricidade. O prezo da electricidade varía en función da estación do ano (máis caro no inverno, máis barato na primavera...), pero ademais hai períodos cunha tendencia á alza, mentres que noutros períodos tende á baixa.

Ademais, como se aplica a cada consumo o prezo da electricidade nesa hora concreta, cada consumidor, en función de cando consome máis ou menos, terá o seu propio prezo personalizado. Todas esas fluctuaciones fan que, con esta tarifa PVPC, sexa moi difícil establecer de antemán o que se pagaremos pola luz.

Características da tarifa PVPC:

- O prezo é variable.
- O prezo é "personalizado", en función das horas en que cada usuario ou cada fogar consome máis electricidade.
- A tarifa regulada PVPC é comercializada só polas comercializadoras no mercado regulado, ou de referencia. O número de comercializadoras é limitado.
- Só venden a enerxía coa tarifa regulada, non permiten contratar outros servizos.
- Non ten permanencia.
- É compatible coa tarifa de discriminación horaria.
- Non poden contratala quen teña máis de 10 kWh de potencia.

Máis dun 60% das
consumidoras
descoñece que tipo de
subministración ten
contratado, segundo a
CNMC

Como saber se teño a tarifa PVPC?

Para asegurarte de que tes contratada a tarifa eléctrica PVPC só necesitas comprobar os apartado 'Datos do Contrato' da túa factura da luz. Neste epígrafe debe aparecer un concepto no que se distinga a tarifa pola que se está rexendo a túa facturación.

Se neste concepto aparece 'Tarifa PVPC' ou 'Tarifa regulada', entón xa tes contratada esta tarifa.

Outra información relacionada coa tarifa de luz por horas que podes consultar na túa factura é a Comercializadora de Referencia coa que contrataches. Se figura o nome da Comercializadora de Referencia significa que tes unha tarifa de luz PVPC.

Que é?

O bono social eléctrico é un desconto na factura eléctrica, fixado polo Goberno, co fin de protexer a determinados colectivos de consumidoras/es económica ou socialmente máis vulnerables.

O desconto aplícase sobre o PVPC (prezo voluntario para o pequeno consumidor), a un límite máximo de enerxía no período de facturación.

Quen pode pedilo e que requisitos temos que cumprir?

- A titular ten que ser persoa física
- O punto de subministración para o que se solicite a aplicación do bono social ten que ser o da vivenda habitual.
- A persoa titular ten que estar acollida ao PVPC ou, en caso de non estalo, que acepta a formalización dun contrato coa comercializadora de referencia acollido a PVPC.
- Que a potencia contratada para o devandito punto de subministración sexa igual ou inferior a 10 kW.

Ademais ten que reunir algunha das seguintes particularidades:

- Ser considerada "consumidor/a vulnerable"
- Ser considerada "consumidor/a vulnerables severo"
- Ser considerada "consumidor/a en risco de exclusión social"

▶ Consumidor/a vulnerable

Ten que cumprir algunha destas condicións:

- Que sexa familia numerosa
- Que a persoa consumidora, ou no caso de que exista unidade familiar, todos os membros que teñan ingresos, sexa(n) pensionistas do Sistema da Seguridade Social, por xubilación ou incapacidade permanente, sempre que CUMPRAN ESTAS 2 CONDICIÓNES:
 - Perciban a contía mínima vixente en cada momento para cada tipo de pensión.
 - No caso de percibir outros ingresos, que a contía agregada anual non supere os 500 euros.
- COVID 19: persoas afectadas pola pandemia.

Nivel de renda para ser considerada “consumidor/a vulnerable”:

O nivel de renda da Unidade Familiar ten que ser igual ou inferior a:

🟡 **1,5 veces o IPREM (11.279,39 €/ano)**, se non existe Unidade Familiar ou **NON hai menores** na mesma ou **2 veces o IPREM (15.039,18 €/ano)** se ademais existen **circunstancias especiais**.

🟡 **2 veces o IPREM (15.039,18 €/ano)**, se hai **UN MENOR** na Unidade Familiar ou **2,5 veces o IPREM (18.798,98 €/ano)** se ademais existen **circunstancias especiais**.

🟡 **2,5 veces o IPREM (18.798,98 €/ano)** se hai **DOUS MENORES** na Unidade Familiar ou **3 veces o IPREM (22.558,77 €/ano)** se ademais existen **circunstancias especiais**.

Requisitos para persoas afectadas pola COVID-19

- As persoas traballadoras no réxime de autónomos que cesasen a súa actividade a causa do COVID-19 que cumpran os requisitos establecidos.
- As persoas traballadoras no réxime de autónomos que a, causa do COVID 19, visen diminuír a súa facturación un 75% con respecto ao semestre anterior que cumpran os requisitos establecidos.
- Para estes 2 casos, auméntanse os niveis de renda. Así, poderán acollerse a este desconto cando a súa renda ou a renda conxunta anual da unidade familiar á que pertenza sexa:

- Algún membro da unidade familiar ten unha discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33%.

- É vítima de violencia de xénero.

- É vítima do terrorismo.

- Atópase en situación de dependencia recoñecida de grao II ou III.

- A unidade familiar está integrada por un único proxenitor e, polo menos, un menor.

≤ 2,5 x IPREM de 14 pagas se non hai ningún menor na unidade familiar: **18.799€/ano**

≤ 3 x IPREM de 14 pagas no caso de que haxa 1 menor na unidade familiar: **22.559€/ano**

≤ 3,5 x IPREM de 14 pagas no caso de que haxa 2 menores na unidade familiar **26.318€/ano**

A condición de consumidor/a vulnerable por causas vinculadas ao COVID-19 extinguirase cando deixen de concorrer as circunstancias de actividade económica referidas, estando obrigada a persoa consumidora a comunicar este feito á comercializadora (empresa de enerxía) (art. 28.3 RD Lei 11/2020). En ningún caso a consideración de consumidor/a vulnerable estenderase máis de 6 meses desde o inicio do seu pagamento sen prexuízo da posibilidade de acollerse á devandita condición en calquera momento anterior ou posterior a esa data, ao amparo do resto de supostos previstos no Real Decreto 897/2017, do 6 de outubro.

► Consumidor/a vulnerable severo

Considerarase, que é “**consumidor/a vulnerable severo**” cando se reúnan algunha das seguintes condicións:

- Que o **nivel de renda sexa igual ou inferior ao 50% do requirido para o consumidor vulnerable**, en cada unha das condicións correspondentes.
- Que estando en posesión do **título de familia numerosa**, a súa renda sexa **igual ou inferior a 2 veces o IPREM** (15.039,18 €/ano).
- Que percibindo o consumidor ou a unidade familiar a pensión mínima do Sistema da Seguridade Social, por xubilación ou incapacidade permanente (e que no caso de percibir outros ingresos, a contía agregada anual non supere os 500 euros), a súa **renda sexa igual ou inferior a 1 vez o IPREM** (7.519,59 €/ano).

► Consumidor/a en risco de exclusión social

O consumidor/a que cumprindo os requisitos para ser “consumidor/a vulnerable severo”, sexa atendido polos servizos sociais dunha administración autonómica ou local que financie polo menos o 50% do importe da súa factura será considerado “consumidor en risco de exclusión social”, e a súa subministración non poderá ser interrompida.

Cal é o importe do desconto?

O desconto aplicable ao **consumidor/a vulnerable será do 25% sobre o PVPC** (prezo voluntario para o pequeno consumidor).

No caso de reunir as condicións de **consumidor/a vulnerable severo, o desconto será do 40% sobre o PVPC.**

En ambos os casos, o desconto aplícase sobre o termo de enerxía e sobre o termo de potencia do PVPC. No termo de enerxía, existe un límite máximo anual de enerxía con dereito a desconto.

O consumidor/a vulnerable en risco de exclusión social, non abonará en ningún caso o importe da factura.

Consumidor/a vulnerable



25% desconto

Consumidor/a vulnerable severo



40% desconto

Consumidor/a vulnerable en
risco de exclusión social



100% desconto

Que empresas ofrecen o Bono Social Eléctrico?

Comercializadora de Referencia		Teléfono
ENERGÍA XXI COMERCIALIZADORA DE REFERENCIA, S.L.		800 760 333
CURENERGÍA COMERCIALIZADOR DE ÚLTIMO RECURSO S.A.U.		900 200 708
COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.		900 100 283
BASER COMERCIALIZADORA DE REFERENCIA, S.A.		900 902 947
RÉGSITI COMERCIALIZADORA REGULADA, S.L.U		900 101 005
COMERCIALIZADOR DE REFERENCIA ENERGÉTICO, S.L.U.		900 814 023
TERAMELCOR, S.L.		800 007 943
ENERGÍA CEUTA XXI COMERCIALIZADORA DE REFERENCIA S.A.		900 106 004

Durante canto tempo aplicaranme o bono social eléctrico?

O bono social solicitado aplicarase durante o prazo de **dous anos**, sempre que con anterioridade non se produza a perda dalgunha das condicións que dan dereitos á súa percepción.

Para o caso das **familias numerosas**, a vixencia mantense **ata a caducidade do título**.

En calquera caso, o consumidor está obrigado a comunicar ao comercializador calquera cambio que supoña a perda da condición de consumidor vulnerable, no prazo dun mes desde que se produza o devandito cambio.

Como renovar o bono social eléctrico?

Finalizado o período de dous anos ou a vixencia do título de familia numerosa, e cunha **antelación mínima de 15 días hábiles a finalización do devandito prazo**, a persoa consumidora poderá solicitar a renovación mediante algún dos medios previstos a efectos de efectuar a solicitude.

Será necesario achegar de novo toda a documentación a efectos da nova comprobación dos requisitos que outorgan o dereito ao bono social para a renovación por parte do titular e no seu caso, os membros da unidade familiar. Ademais, e no caso de que concorra algunha das circunstancias especiais deberá tamén acreditarse cun certificado válido que estea vixente.


Normativa e lexislación

- **Real Decreto 897/2017, do 6 de outubro**, polo que se regula a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica.
- **Orde ETU/943/2017, do 6 de outubro**, pola que se desenvolve o Real Decreto 897/2017, do 6 de outubro, polo que se regula a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica.
- **Real Decreto-lei 15/2018, do 5 de outubro**, de medidas urgentes para a transición energética y la protección de los consumidores.

Máis información

- 🌐 <http://www.inega.gal/eficienciaenerxetica/bonosocialelectrico.html?idioma=gl>
- 🌐 <https://energia.gob.es/bono-social>
- 🌐 www.controlastuenergia.gob.es
- 🌐 www.cnmc.es/bono-social

BONO SOCIAL TÉRMICO



Que é?

O Bono Social Térmico é un programa de axudas para **compensar os gastos económicos ocasionados aos consumidores máis vulnerables polo uso da calefacción e a agua quente e a cociña.**

O orzamento asignado no ano 2020 en Galicia para esta iniciativa foi de 6,3 millóns de euros. As axudas son xestionadas pola Xunta de Galicia, a través do Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) e son financiadas polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

O Bono Social Térmico foi creado por Real Decreto-lei 15/2018, do 5 de outubro, de medidas urxentes para a transición enerxética e a protección dos consumidores

Cales son as persoas beneficiarias?

Son beneficiarias/os do Bono Social Térmico, sen necesidade de realizar ningunha solicitude, as **persoas beneficiarias do Bono Social Eléctrico.**

Aínda non temos datos sobre o Bono Social Térmico 2021, pero se funciona de maneira similar ao Bono Térmico 2020, serían beneficiarias as persoas que teñan recoñecido o Bono Social Eléctrico a 31 de decembro de 2020, así como aquelas que antes de dita data presentasen a solicitude completa (se finalmente se resolveu favorablemente).

Contía

No ano 2020 a axuda para as persoas beneficiarias residentes en Galicia estivo comprendida **entre os 49,84 e 123,94 euros**, sendo compatible con calquera outro tipo de axudas que se outorguen para a mesma finalidade. A contía da mesma depende do grao de vulnerabilidade e da zona climática na que se sitúe a súa vivenda habitual. En caso de tratarse dunha persoa consumidora vulnerable severa ou en risco de exclusión social, a axuda increméntase nun 60% con respecto á que lle corresponde pola súa zona climática.

A axuda por persoas beneficiaria abonarase nun **pago único anual**, por defecto na conta corrente na que está domiciliada a factura eléctrica (ou no seu caso na que se comunique para os efectos).

É necesario facer algunha xestión para cobrar o Bono Social Térmico?

Recibirás unha carta no teu domicilio informando da axuda que che corresponde en concepto de Bono Social Térmico. Para cobrar a axuda unicamente terás que **comprobar que o número de conta bancaria que figura na carta é correcto**. Se non se dispón de número de conta ou este é incorrecto, para poder cobrar a axuda á que tes dereito, deberás facilitar un número de conta da túa titularidade ou dunha persoa á que autorices.

Se tes dereito ó Bono Social Térmico e non recibes a carta, podes verificar os teus datos a través do teléfono 881 55 49 13. A listaxe de persoas beneficiarias será publicada no Diario Oficial de Galicia.

Como comunicar a CONTA BANCARIA se non teño domiciliada a factura eléctrica?

Se non tes domiciliado o pago da electricidade, na notificación que recibirás solicitarán unha conta bancaria. Deberás facilitar a conta a través da seguinte ligazón: <https://appsinega.xunta.es/bonosocialtermico> ou mediante escrito presentado en calquera rexistro das administracións públicas ou oficina de Correos dirixido ao Instituto Enerxético de Galicia, rúa Avelino Pousa Antelo, número 5, 15707, Santiago de Compostela, co formato incluído na comunicación.

Como modificar a CONTA BANCARIA que figura na notificación?

Se tes domiciliado o pago da electricidade, pero tes que modificar a conta bancaria que figura na notificación, poderás facilitar o novo número de conta a través da seguinte ligazón:

<https://appsinega.xunta.es/bonosocialtermico> ou mediante escrito presentado en calquera rexistro das administracións públicas ou oficina de Correos, dirixido ao Instituto Enerxético de Galicia, rúa Avelino Pousa Antelo, número 5, 15707, Santiago de Compostela, co formato incluído na comunicación.

Como RENUNCIAR ó Bono Social Térmico?

Dispoñes dun prazo de **10 días hábiles** desde a recepción da notificación, para poder exercitar a opción de renuncia.

Poderás renunciar a través da seguinte ligazón:

<https://appsinega.xunta.es/bonosocialtermico> ou mediante escrito presentado en calquera rexistro das administracións públicas ou oficina de Correos, dirixido ao Instituto Enerxético de Galicia, rúa Avelino Pousa Antelo, número 5, 15707, Santiago de Compostela, co formato incluído na comunicación.

BONO SOCIAL TÉRMICO

Contía

O importe individual da axuda calculouse en aplicación da metodoloxía contemplada no anexo I do Real Decreto-lei 15/2018, do 5 de outubro, atendendo ao grao de vulnerabilidade segundo o definido na normativa reguladora do Bono Social Eléctrico, así como á zona climática na que se localice a vivenda na que se atope empadroada a persoa beneficiaria.

As contías do Bono Social Térmico para percibir en Galicia, en función da zona climática na que reside, e a súa consideración de vulnerabilidade son as seguintes:

ZONA CLIMÁTICA	CONSIDERACIÓN	AXUDA (€)
C	Vulnerable	49,84
C	Vulnerable Severo	79,74
C	Risco de exclusión social	79,74
D	Vulnerable	67,56
D	Vulnerable Severo	108,10
D	Risco de exclusión social	108,10
E	Vulnerable	77,46
E	Vulnerable Severo	123,94
E	Risco de exclusión social	123,94



Nesta ligazón podes consultar a zona climática que corresponde á túa residencia

<https://appsinega.xunta.es/bonosocialtermico/web/index.php?r=site%2Fzclimatica>

Para máis información podes chamar ao 881 55 49 13, indicando “Bono Térmico” no motivo da túa consulta.

Máis información

<http://www.inega.gal/eficienciaenerxetica/bonosocialtermico.html?idioma=gl>

BONO SOCIAL EMALCSA



Que é?

É unha **bonificación da tarifa xeral** á vivenda habitual da persoa solicitante.

Requisitos

A persoa usuaria solicitante deberá ser a **titular do contrato de subministración** de auga e estar **empadroada e residir na vivenda** para a que solicita o beneficio.

As rendas ou ingresos totais da unidade de convivencia deben cumprir, en cada un dos supostos descritos na ordenanza:

- ◆ TR. Tarifa para usuarios beneficiarios da Renda de Inserción Social de Galicia (RISGA): a persoa usuaria ha de ser perceptora da RISGA no momento da solicitude.
- ◆ TIPREM. Tarifa para usuarias con ingresos I_{prem} : deberei acreditar que a suma de ingresos da unidade convivencial, obtidos por calquera concepto, non superan o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM).
- ◆ TIPREMx1,5. Tarifa para usuarios con ingresos I_{prem} multiplicado por 1,5 deberá acreditar que a suma de ingresos da unidade convivencial, obtidos por calquera concepto, non superan a cantidade de multiplicar o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) por 1,5.

Duración

A aplicación de calquera das tarifas reducidas terá unha **duración máxima de dous anos** desde a súa concesión. Para a súa renovación deberán presentarse os mesmos documentos que para a súa concesión actualizados. A persoa beneficiaria terá a **obriga de comunicar calquera modificación** que se produza nas circunstancias que deron lugar á súa concesión.

Documentación requerida

- a. **Solicitud** segundo modelo específico.
- b. Folla de **empadramento** expedida no prazo máximo de 30 días anteriores ao da presentación da solicitude con identificación de todas as persoas empadroadas na vivenda que forman a unidade convivencial.
- c. Para o **suposto TR: certificado** actual acreditando a percepción da **RISGA** (Xunta) ou análogo.
- d. Para o suposto de **TIPREM e TIPREMx1,5**: documentación acreditativa de ingresos da unidade convivencial (**certificado da axencia tributaria, certificado de pensións ou prestacións do exercicio** ou calquera outro documento que xustifique la percepción dalgún ingreso).

En caso de non poder acreditar ingresos deberá presentar **informe emitido polos Servizos Sociais do Concello xustificativo da situación de emerxencia, risco e/ou exclusión social**.

Formulario de solicitude

Podes descargar o formulario [aquí](#)

Normativa

ORDENANZA FISCAL Nº 5 REGULADORA DA TAXA POLO SUMINISTRO E UTILIZACIÓN DE AUGA POTABLE NO TERMO MUNICIPAL DE A CORUÑA.

Máis información

<http://www.emalcsa.es>

[https://www.emalcsa.es/uploads/tinymce/preguntas%20frecuentes/Normas%20de%20funcionamiento%20bonificaciones%20tarifa%20\(2021\).pdf](https://www.emalcsa.es/uploads/tinymce/preguntas%20frecuentes/Normas%20de%20funcionamiento%20bonificaciones%20tarifa%20(2021).pdf)

BONIFICACIÓNS NA FACTURA DA AUGA



BONIFICACIONES NA FACTURA DA AUGA

Ademáis dos gastos relacionados co suministro de auga, na factura de Emalcsa tamén pagamos impostos municipais e autonómicos. Arredor dun 60% da factura son impostos relativos ó Concello da Coruña, a EDAR Bens e a Xunta de Galicia.

A continuación, repasamos os diferentes conceptos polos que podemos ter bonificacións na factura.

Bonificación da taxa por prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos

CONCEPTOS FACTURADOS	BASE	IVA	TOTAL, €
EMALCSA A15031727 B.O.P. 31-dic-2015			
Suministro de Agua	23,72	2,37	26,09
Alquiler de contador	1,98	0,42	2,40
Total parcial	25,70	2,79	28,49
AYUNTAMIENTO DE A CORUÑA P1503000J B.O.P. 20-dic-2017			
Alcantarillado	5,58	0,00	5,58
Basuras	16,72	0,00	16,72
Total parcial	22,30	0,00	22,30
XUNTA DE GALICIA - AUGAS DE GALICIA Q1500378C D.O.G. 31-dic-2013			
Canon del Agua	9,84	0,00	9,84
Total parcial	9,84	0,00	9,84
EDAR BENS, S.A. A70290358 B.O.P. 20-dic-2017			
Coefficiente de vertido	11,58	1,16	12,74
Total parcial	11,58	1,16	12,74

S.A. - C.I.F.: A - 1 5031727 - Inscrita en el Registro Mercantil de la Sección 3ª de Sociedades al Folio 65. Hacia 9/B. Inscripción 1

En que consiste?

Son beneficios fiscais no servizo de recollida e tratamento de residuos. Os beneficios fiscais clasifícanse en exencións (eximindo do pago da taxa) e bonificacións (porcentaxe de desconto para aplicar sobre a cota íntegra).

→ Exencións

As persoas beneficiarias da Renda de Inserción Social de Galicia (RISGA) e as acollidas a réximes protectores de carácter público análogos.

→ Bonificacións

Bonificación do 75% na tarifa de vivendas para suxeitos pasivos que acrediten que os ingresos familiares obtidos por calquera concepto non pasan do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM).

A quen vai dirixido?

Ás persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar empadroada na vivenda para a que se solicita o beneficio.
- Que sexa a titular do contrato de subministración con EMALCSA.

Como solicitalo?

Presentando o [formulario](#) en calquer oficina de rexistro municipal do Concello da Coruña.



Pide cita previa nos
rexistros do Concello
da Coruña
AQUÍ

Máis información

<https://www.coruna.gal/hacienda/es/detalle/tasa-por-prestacion-del-servicio-de-recogida-y-tratamiento-de-residuos-solicitud-de-beneficios/contenido/1453621726479>

Exención no canon da auga e no coeficiente de vertedura por estar en situación de exclusión social

DATOS FACTURA		FECHA EMISIÓN:	Nº FACTURA: -----	
NIF	DOMICILIO RSCAL			
CONCEPTOS FACTURADOS		BASE	IVA	TOTAL, €
EMALCSA A15031727 B.O.P. 31-dic-2015				
Suministro de Agua		23,72	2,37	26,09
Alquiler de contador		1,98	0,42	2,40
Total parcial		25,70	2,79	28,49
AYUNTAMIENTO DE A CORUÑA P1503000J B.O.P. 20-dic-2017				
Alcantarillado		5,58	0,00	5,58
Basuras		16,72	0,00	16,72
Total parcial		22,30	0,00	22,30
XUNTA DE GALICIA - AUGAS DE GALICIA Q1500378C D.O.G. 31-dic-2013				
Canon del Agua		9,84	0,00	9,84
Total parcial		9,84	0,00	9,84
EDAR BENS, S.A. A70290358 B.O.P. 20-dic-2017				
Coeficiente de vertido		11,58	1,16	12,74
Total parcial		11,58	1,16	12,74

A quen vai dirixido?

As unidades de convivencia independentes que acrediten estar en situación de exclusión social, entendéndose por unidade de convivencia independente a formada por aquelas persoas que convivan nun mesmo domicilio e manteñan entre eles un vínculo por matrimonio ou análoga relación estable, por adopción ou acollemento, ou por parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o cuarto e segundo grao respectivamente.

Requisitos

- O enderezo para o cal se solicita a bonificación debe coincidir co enderezo en que está empadroada a unidade de convivencia.
- No caso de abastecerse a partir de entidade subministradora, o titular do contrato de subministración de auga deberá coincidir con algún dos membros da unidade familiar. Noutro caso, o solicitante deberá acreditar que é o pagador da factura-recibo de auga.
- Os ingresos totais da unidade de convivencia non deben superar o importe do indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM).
- Polo menos unha das persoas da unidade de convivencia deberá estar en situación de exclusión social por estar nalgunha das situacións que se enumeran a continuación:
 - Persoas perceptoras da renda de integración social de Galicia.
 - Persoas perceptoras de pensións non contributivas nas modalidades de invalidez ou xubilación.
 - Persoas que non estando en ningún dos dous supostos anteriores teñan unha ausencia ou déficit grave de recursos económicos unido a unha situación de desemprego ou imposibilidade de desempeñar un traballo remunerado e que contén con outros factores, evidenciados a través da súa traxectoria persoal, que agraven a situación de exclusión social ou o risco de padecela recoñecidos na lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.

Documentación requerida

- Solicitude segundo o Anexo XI.a.
- Comprobación de datos da unidade de convivencia, anexo XI.b.
- Copia da última factura-recibo da auga.
- Acreditación de domiciliación bancaria da factura-recibo da auga (no caso de que a persoa solicitante non sexa a persoa titular do subministro).
- Informe-proposta dos servizos sociais comunitarios para a cualificación da condición de persoa en risco de exclusión (anexo XI.c).

Como solicitala

Presentando o [formulario](#) en calquer rexistro da Xunta de Galicia



Pide cita previa
nos rexistros da
Xunta de Galicia
AQUÍ

Normativa

[DECRETO 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais](#)

Máis información

https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?langId=gl_GL&codtram=AU230K

INFORMACIÓN ÚTIL



IPREM

Que é o IPREM?

O Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) é un índice empregado en España como referencia para a concesión de axudas, subvencións ou o subsidio de desemprego. Naceu en 2004 para substituír ao Salario Mínimo Interprofesional como referencia para estas axudas. **Para o ano 2021 a contía do IPREM é de 564,90 € mensuais.**

O IPREM publícase anualmente a través da Lei de Orzamentos, de forma que teremos que usar como referencia o último valor publicado de forma oficial (ver táboa) para determinar se os nosos ingresos superan un determinado número de veces o IPREM actual.

A modo de exemplo algunhas axudas están restrinxidas, por exemplo, a 3 veces o valor do IPREM vixente. Neste caso multiplicaremos o citado valor por 3 e teremos que comprobar se os nosos ingresos anuais, de acordo á declaración da renda, superan esta contía.

Año	IPREM Mensual	IPREM Anual (12 pagas)	IPREM Anual (14 pagas)
2021	564,90 €	6.778,80 €	7.908,60 €
2020	537,84 €	6.454,03 €	7.519,59 €
2019	537,84 €	6.454,03 €	7.519,59 €
2018	537,84 €	6.454,03 €	7.519,59 €
2017	537,84 €	6.454,03 €	7.519,59 €
2016	532,51 €	6.390,13 €	7.455,14 €
2015	532,51 €	6.390,13 €	7.455,14 €
2014	532,51 €	6.390,13 €	7.455,14 €
2013	532,51 €	6.390,13 €	7.455,14 €
2012	532,51 €	6.390,13 €	7.455,14 €
2011	532,51 €	6.390,13 €	7.455,14 €
2010	532,51 €	6.390,13 €	7.455,14 €
2009	527,24 €	6.326,86 €	7.381,33 €
2008	516,90 €	6.202,80 €	7.236,60 €
2007	499,20 €	5.990,40 €	6.986,80 €
2006	479,10 €	5.749,20 €	6.707,40 €
2005	469,80 €	5.637,60 €	6.577,20 €
2004	460,50 €	5.526,00 €	6.447,00 €

Fontes:

REAL DECRETO LEY 3/2004, de 25 de junio, para la racionalización de la regulación del salario mínimo interprofesional y para el incremento de su cuantía.

<http://www.iprem.com.es/>

ONDE PODO RECLAMAR UNHA FACTURA?

O primeiro paso é poñerse en contacto coa compañía eléctrica e explicarlles os erros ou problemas sucedidos.

Importante! As eléctricas están obrigadas a dispoñer dun número gratuito de atención ao cliente.

Ademais do contacto telefónico, debes presentar a reclamación por escrito, dirixida á área de atención ao cliente da devandita compañía. O máis recomendable é facelo mediante carta certificada con acuse de recibo, así dispós dun documento que acredite que a empresa recibiu a reclamación.

Outra opción para reclamar unha factura da luz é acceder aos formularios que algunhas compañías teñen nas súas web. É un instrumento que pode ser útil para deixar constancia desa reclamación, a condición de que envíen confirmación de recepción da reclamación.

Lembra: Para calquera futura reclamación da factura da luz é moi importante deixar constancia do problema por escrito ante o Departamento de Atención ao cliente.

A compañía eléctrica, unha vez reciba a reclamación, está obrigada a facilitar o número de referencia e o xustificante por escrito da devandita reclamación. Se no prazo dun mes non obtiveches resposta á túa reclamación, ou esta non che convence, podes acudir aos organismos de consumo locais ou autonómicos.

O organismo autonómico encargado de xestionar estas reclamacións é a Consellería de Economía, Emprego e Industria. A nivel local, cando existe algún problema da parte comercial, os consumidores poden dirixirse á Oficina Municipal de Información ao Consumidor (OMIC).

ONDE PODO RECLAMAR UNHA FACTURA?

OFICINA MUNICIPAL DE INFORMACIÓN Ó CONSUMIDOR (OMIC)

A OMIC é un servizo público, dependente do Concello da Coruña, cuxo obxectivo é prestarlles ás persoas consumidoras e usuarias, veciñanza da cidade da Coruña, os servizos de información, educación, formación, orientación e asesoramento en materia de consumo.

As persoas consumidoras e usuarias teñen ao seu servizo, de maneira gratuíta, a posibilidade de realizar consultas, tanto telefónicas como presenciais, presentar follas de reclamación e/ou solicitar información e documentación en materia de consumo.


As funcións básicas que ofrece a OMIC son as seguintes:

- Información e asesoramento ás persoas consumidoras, mediante unha atención personalizada das consultas
- Tramitación das reclamacións e denuncias
- Promoción e información do sistema arbitral de consumo
- Educación e formación das persoas consumidoras
- Colaboración coas asociacións de persoas consumidoras do noso municipio



Costa da Palloza, 8
15006 A Coruña
☎ 981 18 98 20

Máis información

 <https://www.coruna.gal/omic/gl>

ASOCIACIÓNS DE PERSOAS CONSUMIDORAS

Neste [directorio](#) podes atopar as asociacións de persoas consumidoras presentes en Galicia.



**Oficina
dos Direitos**



FEBREIRO 2021